



# INFLUENCIA AVIARIA DE ALTA PATOXENICIDADE

O Concello de Vilaboa, seguindo indicacións da Consellería de Medio Rural establece medidas extraordinarias para previr o contaxio das aves domésticas.



O serotipo H5N1 circulante actualmente do virus IAAP provoca unha elevada mortalidade entre as aves, aínda que non hai evidencias da potencial transmisibilidade ás persoas.

## Pechadas temporalmente



As explotacións avícolas que crien aves de curral ao aire libre deberán mantelas pechadas nas instalacións temporalmente.



## Control sobre mestura de especies

Prohíbese a cría de parrulos, ocas e gansos xunto con outras especies de aves de curral.

Prohíbese o uso de reclamas de caza con aves do tipo anátidas (parrulos ou similares) e charadriiformes (gavotas e similares).

## Teas paxareiras



De non ter instalacións, poderanse ter no exterior sempre que existan teas paxareiras (ou similar), que impidan o acceso de aves silvestres.



## Inscripción currais familiares

É obrigatoria a inscrición dos currais familiares de autoconsumo no Rexistro Galego de Explotacións Avícolas da Consellería de Medio Rural.

## Control da auga



Prohíbese darlles ás aves de curral auga procedente de depósitos superficiais, fontes ou outras orixes ás que puideran ter acceso as aves silvestres.



## Non afectará á comercialización

Estas medidas non afectarán á comercialización dos produtos das explotacións gandeiras deste tipo de aves-camperas ou ecolóxicas e subprodutos avícolas

## Exhibicións, concursos, ...



Prohíbese as concentracións de aves de calquera tipo, comerciais ou non (exhibicións, concursos, ...), tanto de aves de curral coma doutras.

Concello de  
**VILABOA**

